

OBSERVACIÓN DOCENTE

Antes da observación

MESTRES PARTICIPANTES: José Manuel Rego García, Norberto Blanco Dorrío, M.ª Pilar Iglesias Gómez.

DATA: 30 xaneiro 2023

1.- Práctica reflexiva do grupo.

- En que cursos consideramos realizar a observación?
 - 4º E. Infantil
 - 1º E. Primaria
 - 6º E. Primaria
- Que linguas usaremos como canle de comunicación?
 - 4º E. Infantil, lingua estranxeira, inglés.
 - 1º E. Primaria, lingua galega.
 - 6º E. Primaria, lingua castelá.
- * Sendo a nosa liña de traballo a da **Competencia comunicativa: Programas de plurilingüismo e internacionalización dos centros educativos**, desenvolvemos o programa nas tres linguas do centro.
- Cando imos realizar a observación?
 - 31 xaneiro 2023
 - 1 febreiro 2023
 - 2 febreiro 2023
- Quendas de observación.
 - 31 xaneiro 2023. Observador: José Manuel Rego García

Observada: M.ª Pilar Iglesias Gómez.

Aula 4º E. Infantil, lingua estranxeira, inglés.

- 1 febreiro 2023. Observador: Norberto Blanco Dorrío.

Observado: José Manuel Rego García.

Aula 6º E. Primaria, lingua castelá

- 2 febreiro 2023. Observador: José Manuel Rego García.

Observado: Norberto Blanco Dorrío.

Aula 1º E. Primaria, lingua galega

- Ferramentas a empregar por parte do observador.
 - Caderno no que tomar notas, centrando a observación na actividade e non tanto nas anotacións.
- Expectativas ante a formación.
 - Facer da observación unha situación cotiá na nosa práctica docente como ferramenta de formación docente, aprendendo a interiorizar situacións sen xulgar.

2.- Práctica reflexiva individual.

2.1.- José Manuel Rego García.

- Que aspecto é interesante observar na miña práctica docente?
 - O fomento da autonomía nos alumnos/as de 6º E. Primaria e afondar na competencia clave “Aprender a aprender”.
- Como me sinto ante a experiencia de ser observado?
 - Responsable de que a miña tarefa docente sirva de axuda para os meus compañeiros.
- Que me gustaría observar?
 - Como mestre especialista en E. Infantil, aínda que na actualidade a miña tarefa docente desenvólvese en 6º E. Primaria, gustaríame observar o grupo dos máis pequenos da escola en na lingua estranxeira.
 - Uso das TICs no proceso de ensino-aprendizaxe diario e como inflúe no proceso de acadar autonomía na aprendizaxe sen que eso implique illamento dos alumnos/as.

2.2.- Norberto Blanco Dorrío.

- Que aspecto é interesante observar na miña práctica docente?
 - O uso das TICs como ferramenta de uso cotiá na aula, sendo fonte de motivación para os alumnos/as de 1º E. Primaria.

- Como me sinto ante a experiencia de ser observado?
 - Con inquedanza, intentando amosar os beneficios do uso da tecnoloxía no desenvolvemento diario da práctica docente.
- Que me gustaría observar?
 - A relación que se establece entre unha mestra non titora, nunha lingua allea á súa e en 4º E. Infantil, etapa alonxada do meu desenvolvemento profesional.
 - En 6º E. Primaria, na área de plástica, como o mestre, coas indicacións imprescindibles e sinxelas onsigue que os alumnos/as amosen as súas inquedanzas artísticas.

2.3.- M.^a Pilar Iglesias Gómez

- Que aspecto é interesante observar na miña práctica docente?
 - O manexo de grupo de alumnado de E. Infantil, tendo en conta a necesidade de cambio de actividade en curtos espazos de tempo e a transición deses períodos.
- Como me sinto ante a experiencia de ser observado?
 - Preocupada por se o meu método de traballo non é de axuda para os meus compañeiros docentes.
- Que me gustaría observar?
 - Como intentar que alumnos/as de E. Infantil acaden autonomía á hora de realizar certas tarefas, adaptando o método de traballo do mestre de 6º E. Primaria.
 - Perder o temor ante o uso das TICs cos máis novos de E. Infantil, sendo consciente das vantaxes para o ensino da lingua estranxeira, inglés.